

tes e persoas que traballen no porto ou que o visiten de forma ocasional.

3. Enlace coas autoridades competentes en materia de control da carga, equipaxes e pasaxeiros. En caso necesario o plan disporá a vinculación entre os sistemas de información e autorización daquelas, incluídos os posibles sistemas de autorización previa.

4. Procedementos e medidas para tratar carga, equipaxes, combustible, provisións ou persoas sospeitosas, incluídos o establecemento dunha zona segura; procedementos e medidas para outros problemas e quebras da protección portuaria.

5. Prescricións de vixilancia de subzonas ou de actividades que teñan lugar nestas. A necesidade de solucións técnicas e a posible concreción destas derivarán da avaliación da protección portuaria.

6. Sinalización. Deberanse sinalizar adecuadamente as zonas que estean suxeitas a calquera prescrición (acceso e/ou control). Para as prescricións de control e acceso teranse debidamente en conta todas as normas aplicables. Así mesmo, o control e a vixilancia das actividades deberán ser oportunamente advertidos.

7. Comunicación e autorizacións. Toda información pertinente sobre a protección portuaria deberá ser adecuadamente comunicada, se tal comunicación pode ser autorizada conforme os criterios que figurarán no plan. Dado o carácter confidencial que, ás veces, reviste tal información, a comunicación axustarase ao principio da «necesidade de coñecemento», aínda que incluírá, en caso necesario, procedementos de comunicación dirixidos ao público en xeral. O plan conterá criterios de autorización que protexan a información confidencial contra unha divulgación indebida.

8. Notificación de sucesos que afecten a protección marítima. Para garantir unha resposta rápida, o plan de protección portuaria deberá fixar obrigas claras de notificación destinadas ao oficial de protección portuaria e/ou a autoridade de protección portuaria, en relación con todos os sucesos que afecten a protección marítima.

9. Integración con outros plans ou actividades preventivos. O plan debe abordar especificamente a integración con outras actividades preventivas e de control vixentes no porto.

10. Integración con outros plans de resposta e/ou incorporación de medidas, procedementos e actuacións de resposta específicos. O plan debe detallar a interacción e a coordinación con outros plans de reacción e emerxencia. En caso necesario, deberanse resolver os eventuais conflitos e deficiencias.

11. Prescricións sobre formación e prácticas.

12. Organización operativa e procedementos da protección portuaria. O plan de protección portuaria especificará en detalle a organización da protección portuaria, a súa división de tarefas e os seus procedementos. Tamén describirá pormenorizadamente a coordinación cos oficiais de protección dos buques e instalacións portuarias, se procede.

13. Procedementos de adaptación e actualización do plan de protección portuaria.

ANEXO III

Condicións que debe reunir unha organización de protección recoñecida para portos e instalacións portuarias

A organización de protección recoñecida deberá poder acreditar, sen prexuízo dos requisitos adicionais que conforme este regulamento se lle puidesen exixir, o seguinte:

1. Coñecemento especializado dos aspectos pertinentes da protección portuaria.
2. Coñecemento adecuado das operacións dos buques e os portos, así como do deseño e construción do porto.

3. Coñecemento adecuado doutras operacións que poidan afectar a protección portuaria.

4. Capacidade de avaliación de riscos para a protección portuaria, incluída a interface buque-porto, e a forma de reducir ao mínimo os ditos riscos.

5. Capacidade para actualizar e perfeccionar os coñecementos especializados do seu persoal en materia de protección portuaria.

6. Capacidade para controlar que o seu persoal sexa, en todo momento, da súa confianza.

7. Capacidade para manter as medidas apropiadas para evitar a divulgación non autorizada de material confidencial sobre protección, ou o acceso non autorizado a este.

8. Coñecemento da lexislación nacional e internacional pertinente, así como das prescricións en materia de protección.

9. Coñecemento das tendencias e ameazas actuais en relación coa protección.

10. Capacidade para o recoñecemento e a detección de armas e substancias ou dispositivos perigosos.

11. Capacidade para o recoñecemento, sen carácter discriminatorio, das características e pautas de comportamento das persoas que poidan supoñer unha ameaza para a protección portuaria.

12. Coñecemento das técnicas utilizadas para eludir as medidas de protección.

13. Coñecemento dos equipamentos e sistemas de protección e vixilancia, e das súas limitacións operacionais.

Unha organización de protección recoñecida que efectúese ou revisase unha avaliación de protección portuaria para un porto dado non poderá elaborar nin revisar o plan de protección portuaria deste.

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE

22114 *REAL DECRETO 1734/2007, do 21 de decembro, polo que se regula a concesión directa dunha subvención ás comunidades autónomas de Andalucía e Galicia para a execución de instalacións de desgasificación en vertedoiros de residuos.* («BOE» 306, do 22-12-2007.)

O cambio climático é unha das principais ameazas e representa un dos maiores retos con efectos sobre a economía global, a saúde e o benestar social.

A Estratexia Española de Cambio Climático e Enerxía Limpa trata de abordar estes problemas mediante diferentes medidas que contribúen ao desenvolvemento sustentable no ámbito do cambio climático e enerxía limpa. Estas medidas requirirán, en numerosas ocasións, a participación activa dos distintos niveis de administración, cada un deles no seu correspondente ámbito de competencia.

Para poñer en marcha a dita estratexia durante este exercicio o Consello de Ministros aprobou, na súa reunión do 20 de xullo de 2007, un Plan de medidas urxentes da Estratexia Española de Cambio Climático e Enerxía Limpa, co fin de acentuar o cambio de tendencia nas emisións de gases de efecto invernadoiro posto de manifesto desde o segundo semestre de 2005.

Como impulsos prioritarios, constan:

Reducir os residuos e o aproveitamento das materias neles contidas, así como a biometanización e recuperación de biogás en vertedoiros.

Incentivar a aceleración de plans autonómicos e locais en materia de vertedoiros controlados apoiando o esta-

blecemento de instalacións de tratamento que comprendan, entre os seus procedementos, os de biometanización e recuperación de biogás.

Considerar o biogás, o biometanol, o bioETBE, os biocarburentes sintéticos, o biohidróxeno e o aceite vexetal puro como biocarburentes.

O Goberno considera que as comunidades autónomas e as entidades locais son clave para identificar e poñer en marcha as ditas medidas.

Conforme o Real decreto 1477/2004, do 18 de xuño, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Medio Ambiente, correspóndelle realizar ao dito departamento a formulación da política nacional de prevención da contaminación, control, calidade e impacto ambiental, de acordo cos principios do desenvolvemento sustentable e coa normativa da Unión Europea e outros organismos internacionais que sexa de aplicación, por medio da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, baixo a supervisión da Secretaría Xeral de Prevención da Contaminación do Cambio Climático.

Dada a urxencia da aplicación de tales medidas, o Goberno propúxolles ás comunidades autónomas que todas elas elaboren en 2007 as súas respectivas estratexias.

O Ministerio de Medio Ambiente, por medio da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, e as comunidades autónomas, por medio das súas respectivas consellerías competentes en materia de ambiente, están interesadas en iniciar neste exercicio estas iniciativas, mediante o proxecto e a construción de instalacións de desgasificación en vertedoiros das comunidades autónomas de Andalucía e Galicia.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, logo de informe do Ministerio de Economía e Facenda e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de decembro de 2007,

DISPÓÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto a concesión directa dunhas subvencións ás comunidades autónomas de Andalucía e Galicia para o proxecto e a construción de instalacións de desgasificación en vertedoiros de residuos nas devanditas comunidades autónomas.

2. Estas subvencións concédense de forma directa, conforme os artigos 22.2.c) e 28.3.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, pola necesidade de aplicar o Plan de medidas urxentes da Estratexia Española de Cambio Climático e Enerxía Limpa, aprobado polo Consello de Ministros na súa reunión do 20 de xullo de 2007. Isto permite apreciar a concorrencia de razóns de interese público, social e económico, ademais de, como outras razóns xustificadas, as competencias executivas nesta materia que posúen as administracións autonómicas beneficiarias.

3. O carácter singular destas subvencións a favor das comunidades autónomas anteriores xustifícase ao seren estas as únicas que presentaron anteprojectos de actuacións nesta materia.

Artigo 2. *Réxime xurídico aplicable.*

1. Serán obxecto de subvención, pola contía establecida no artigo 3, as actividades promovidas polas comunidades autónomas de Andalucía e Galicia para o proxecto e a construción das instalacións de desgasificación que se recollen no anexo, realizadas durante os exercicios 2008 e 2009, coas condicións que se establecen no artigo 31 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

2. O órgano concedente poderá prorrogar o prazo do parágrafo anterior por un exercicio máis, cando se produ-

zan prórrogas en contratos correspondentes de proxecto e construción ou producidas no seu procedemento de licitación. Poderanse conceder prórrogas con prazos superiores en casos excepcionais de forza maior ou de imposibilidade sobrevida na realización do obxecto da subvención.

3. Será gasto subvencionable todo aquel en que incorra o beneficiario na redacción dos citados proxectos, así como os realizados na súa construción conforme as prescricións do artigo 3. Considerarase gasto realizado o que se devengue dentro dos exercicios 2008 e 2009.

4. En todo caso, para os efectos do previsto no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, as comunidades autónomas poderán subcontratar o cen por cento das actividades subvencionadas.

En ningún caso se poderán subcontratar actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

5. Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que as contías concedidas non superen o custo total dos proxectos subvencionados. A superación da dita contía será causa de reintegro.

6. Estas subvencións rexeranse, ademais de polo disposto neste real decreto, no que corresponda, polo previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

As comunidades autónomas rexeranse para a execución dos traballos recollidos no artigo 2 e no anexo polas leis de contratación do sector público que lles sexan de aplicación.

Artigo 3. *Beneficiarios e financiamento.*

1. O importe dos investimentos do artigo 2 e do anexo que van realizar as comunidades autónomas elévase a 8.140.000,00 euros.

2. A contía subvencionada por parte do Ministerio de Medio Ambiente elévase a 4.000.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 23.08.456B.752 «A comunidades autónomas para levar a cabo a política de residuos» dos orzamentos xerais do Estado para 2007, distribuídos do seguinte xeito:

Á Xunta de Galicia	1.199.017,20
Á Junta de Andalucía	2.800.982,80

Artigo 4. *Procedemento de concesión e pagamento.*

1. As subvencións concederáanse de forma directa os órganos establecidos pola Orde MAM/224/2005, do 28 de xaneiro, sobre delegación de competencias do Ministerio de Medio Ambiente.

2. Estas contías aboaránselles con carácter anticipado ás comunidades autónomas beneficiarias dunha soa vez.

Artigo 5. *Xustificación.*

1. A xustificación das subvencións realizarase mediante esta conta xustificativa, asinada polos correspondentes directores xerais competentes en materia de residuos:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Unha memoria económica composta por unha relación clasificada dos gastos e investimentos das actividades recollidas no anexo con identificación do acredor, o asento contable do recoñecemento da obriga e o seu importe.

c) Un detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

2. O período de xustificación finalizará no prazo de tres meses desde a finalización do prazo para a realización da actividade considerado no artigo segundo.

3. A contía non xustificada será causa de reintegro. Cando a comunidade autónoma non xustifique parte das actuacións do anexo, deberá reintegrar a porcentaxe de financiamento que corresponde ás ditas actuacións.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de decembro de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio
Ambiente,

CRISTINA NARBONA RUIZ

ANEXO

Orzamentos estimados

1) Orzamentos estimados para o proxecto e a construción de instalacións de desgasificación na Comunidade Autónoma de Andalucía

Vertedoiros	Orzamento Euros
<p>Vertedoiro de Matagorda (El Ejido):</p> <p>O proxecto prevé a adecuación do actual sistema de desgasificación do vertedoiro, cos pozos de captación, central de bombeo e facho, así como a instalación dun motoxerador en contedor e a súa conexión á rede de distribución eléctrica ao vertedoiro.</p> <p>O sistema de desgasificación resultante estará deseñado para a captación de ata 600 m³/h de biogás que é a cantidade máxima esperada de produción do vertedoiro segundo a cantidade de residuos depositados ata a data e a previsión futura de vertedura.</p> <p>A central de xeración en réxime especial constará dun motoxerador de 1.150 kW e prevé un funcionamento continuo ao longo de todo o ano de, polo menos, 8000 horas. Isto significa unha produción de 9,2 GWh/ano, que, restándolle o autoconsumo aproximado para a instalación de xeración e o resto das instalacións do vertedoiro de 0,9 GWh/ano, supoñen unha previsión de exportacións á rede de 8,3 GWh/ano.</p> <p>Posto que nas instalacións a captación de biogás se realiza de xeito continuo ao longo de todas as horas do día, nos momentos en que non exista consumo de biogás na central, ou ben a cantidade captada sexa superior á necesaria na central, a cantidade sobranse queimarase no facho previsto para tal efecto.</p> <p>Total vertedoiro de Matagorda (El Ejido) 1.500.000,00</p>	1.500.000,00
<p>Vertedoiro de PRC de Gádor:</p> <p>A proposta técnica elaborada para as instalacións de El Ejido é similar á proposta para a planta de Gádor, coas seguintes diferenzas á hora da execución do proxecto:</p> <ul style="list-style-type: none"> -En Gádor o tanto por cento de materia orgánica do material en vertedoiro é algo menor. -Ao estaren as instalacións en activo, a produción de biogás vai ser moito maior, co que se darán maiores potenciais de xeración eléctrica. -Posibilidade de xerar a enerxía eléctrica para autoconsumo das instalacións propias, así como dalgúns industrias próximas. <p>A diferenza de Matagorda, habería que facer as perforacións para a extracción do biogás.</p> <p>Total vertedoiro de PRC de Gádor 1.500.000,00</p>	1.500.000,00
<p>Vertedoiro de RNP do Complexo Ambiental La Vega (Alcalá del Río):</p> <p>O proxecto prevé a desgasificación do vertedoiro con combustión en facho, a instalación dun motoxerador de 1,4 MW e a conexión á rede.</p> <p>O aproveitamento eléctrico realizarase mediante un motor de coxeración de 1.416 kW de potencia eléctrica, que se conectará á rede de distribución máis próxima do Complexo Ambiental La Vega.</p> <p>Dada a natureza do proxecto, e o estado actual da explotación do vertedoiro de apoio, prevíronse dúas fases que, racionalmente, se adecuan á vida do vertedoiro:</p> <p>Na primeira fase, propónse a desgasificación do vertedoiro con combustión en facho, xa finalizada, e unha campaña de medicións para avaliar a cantidade de biogás que se xera. Estas medicións estanse a realizar na actualidade.</p> <p>Na segunda fase, prevese o aproveitamento eléctrico do biogás do vertedoiro no resto das celas previstas, incluíndo a instalación dun motor de coxeración de 1.416 kW de potencia.</p> <p>Total vertedoiro de RNP do Complexo Ambiental La Vega 2.700.000,00</p> <p>Total 5.700.000,00</p>	2.700.000,00
	5.700.000,00

2) *Orzamentos estimados para o proxecto e construción de instalacións de desgasificación na Comunidade Autónoma de Galicia*

Vertedoiro	Sistema que se vai implantar no vertedoiro en función de Nm ³ /h biogás captable	Compoñentes necesarios para a implantación do sistema	Orzamento estimado por vertedoiro - Euros	% Redución de GEI do biogás (CH ₄)
Santiago de Compostela.	Microturbina de 65 kW para caudais de biogás captable de 50 Nm ³ /h.	Turbina, filtro de carbón activo, compresor e sistema de intercambiador de calor.	1.180.000,00	100,00
	BCC 100 (Biogás concentrado comprimido) para caudais de biogás captable de 130 Nm ³ /h.	Sistema de desulfuración, sistema de arrefriamento, scrubber para o lavado de CO ₂ , torre de destilación para a recuperación do disolvente, sistema de compresión, acumulación e reposición de combustible.		100,00
Ferrol.	Dúas microturbinas de 65 kW para caudais de biogás captable de 50 Nm ³ /h.	Turbina, filtro de carbón activo, compresor e sistema de intercambiador de calor.	360.000,00	100,00
Ourense.	Dúas microturbinas de 65 kW para caudais de biogás captable de 50 Nm ³ /h.	Turbina, filtro de carbón activo, compresor e sistema de intercambiador de calor.	360.000,00	100,00
Lugo.	Unha microturbina de 65 kW para caudais de biogás captable de 50 Nm ³ /h.	Turbina, filtro de carbón activo, compresor e sistema de intercambiador de calor.	180.000,00	100,00
Pontevedra.	Dúas microturbinas de 65 kW para caudais de biogás captable de 50 Nm ³ /h.	Turbina, filtro de carbón activo, compresor e sistema de intercambiador de calor.	360.000,00	100,00
Total			2.440.000,00	